



**PEC**

**IES Nº 1 DE RIBEIRA**

# ÍNDICE

## Tabla de contenido

I.- INTRODUCCIÓN .....	3
II.- O CENTRO: O MEDIO E A CONTORNA .....	4
II.1.- ELEMENTOS MATERIAIS. ....	4
II.1.1. HISTORIA.....	4
II. 1.2 SITUACIÓN .....	4
II.1.3. EDIFICIOS DE QUE CONSTA .....	4
II.1.4.- CARACTERÍSTICAS DAS DEPENDENCIAS .....	5
II.1.5.- DOTACIÓN DE MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO. ....	8
III.- FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS. ....	13
III. 1.- INTENCIONALIDADES .....	13
III. 2.- VALORES BÁSICOS E IDEARIO DO IES Nº1 .....	13
IV.- ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS.....	16
IV.1- OPTATIVIDADE .....	16
V.- FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	23
V. 1. CENTROS ADSCRITOS. ....	23
VI. COMUNIDADE EDUCATIVA. ....	23
VII.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓN. ....	25

## I.- INTRODUCCIÓN

A Reforma do ensino, concretada na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4/05/2006), establece tres principios fundamentais que a presiden.

O primeiro consiste na esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todos os cidadáns de ambos sexos, en todos os niveis do sistema educativo.

O segundo principio consiste na necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese obxectivo tan ambicioso.

E o terceiro que inspira esta lei consiste nun compromiso decidido cos obxectivos educativos formulados pola Unión Europea para os próximos anos.

No seu Capítulo II, “Autonomía dos Centros”, Artigo 120, punto 2, a LOE establece que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No seu Capítulo II, “Autonomía dos Centros”, Artigo 120, punto 2, a LOMCE mantén que “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro.”. Esta capacidade de decisión debe articularse por medio dunha serie de documentos estruturados a partir dun marco xeral de referencia elaborado desde a propia dinámica do Centro e para toda a Comunidade Educativa integrando os fins do sistema. O marco xeral (PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO) debe definir as características singulares do Centro, os obxectivos xerais e específicos do mesmo e cuestións relacionadas coa organización curricular e metodolóxica: Decreto 324/1996 do 26 de xullo polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos IES (DOG do 9 de agosto) e Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 2 de setembro de 1997), nas que se especifica que os Centros disporán de autonomía para defini-lo proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e normas de funcionamento

## **II.- O CENTRO: O MEDIO E A CONTORNA**

### ***II.1.- ELEMENTOS MATERIAIS.***

#### **II.1.1. HISTORIA**

O IES Nº1 de Ribeira cumpre o curso 18-19 50 anos dende que abrira as súas portas como sección delegada do instituto Arzobispo Xelmírez, de Santiago. Durante anos, foi o centro de referencia da comarca, pois ata Noia por un lado e Padrón polo outro, non existía ningún outro centro público de Bacharelato.

Actualmente, a súa área de influencia é case exclusivamente a do propio concello. Conta con dous centros de Primaria adscritos, o CEIP de Palmeira e O Grupo, de Ribeira. En canto a Secundaria, dende o curso 16/17, están adscritos todos os centros de secundaria do concello que carezan de estudos de Bacharelato.

#### **II. 1.2 SITUACIÓN**

O Instituto está situado na Avda. da Coruña, 170, na estrada que dá entrada a Ribeira. A súa situación a carón da Praia de Coroso fai que esta sexa aproveitada en ocasións para realizar actividades complementarias e extraescolares.

Preto do noso centro atópanse dous máis: a Escola Oficial Náutico Pesqueira e co CIFP Coroso. Con este último, dende a súa transformación como centro integrado e a implantación da FPB compartimos profesorado: parte do noso profesorado trasládase ás instalacións do CIFP Coroso para impartir os ámbitos ao alumnado da FPB.

#### **II.1.3. EDIFICIOS DE QUE CONSTA**

O IES consta de 2 edificios unidos por un patio cuberto. No edificio primitivo, resultado de varias ampliacións sobre o orixinal, impártense as clases de todos os cursos, así como as da EOI sección Ribeira, coa cal compartimos espazos.

O segundo edificio é o polideportivo, edificio que leva dados moitísimos problemas dende a súa construción, pois a súa estrutura non é a máis apropiada para estar, como é o caso, a carón do mar, o cal conleva ter que amañar continuamente a cuberta e outros elementos que propician a entrada de augas pluviais en días de temporal.

Ademais dos edificios citados, o centro conta cun espazo propio arredor. Na parte de diante do edificio hai una zona que se aproveita para xogar o alumnado, sobre todo dende que hai uns anos se prohibise a entrada de calquera vehículo no recinto en horario escolar. Na parte de atrás hai una pequena zona verde, así como pistas de fútbol e baloncesto.

## **II.1.4.- CARACTERÍSTICAS DAS DEPENDENCIAS**

### **a) Aulas**

A forte demanda de que é obxecto o noso Centro obriga a que as aulas teñan unha importante cantidade de alumnos. A súa orientación é moi variada e a súa luminosidade tamén. Existe unha aula de Música, dúas de Debuxo, dúas de Informática, una de Tecnoloxía, tres laboratorios e 3 departamentos que se comparten da seguinte maneira: un para historia, economía e filosofía; un para linguas (galego, castelán, inglés, francés, latín e grego), e un terceiro para ciencias: bioloxía, matemáticas e física e química.

Hai unha gran escaseza de aulas para desdobramentos, o cal implica que se teñan que usar os departamentos e laboratorios como aulas en determinados momentos.

Os problemas de espazo son máis que evidentes, o cal podemos constatar dicindo que para todo o alumnado do noso centro (máis de 800 de media anual), non contamos máis que con unha titoría para atender aos pais.

Contamos con unha sala de reunións que se utiliza sobre todo nos recreos. Este mesmo espazo é o que utiliza a ANPA para reunirse semanalmente, e a profesora de alfabetización de adultos para dar as súas clases.

No despacho de dirección, situado na planta baixa, comparten espazo a dirección, a vicedirección e a secretaría. O despacho de Xefatura compárteno os dous xefes de estudos (diúrno e nocturno).

### **b) Sala de profesores**

Está no primeiro andar e faise pequena cando precisamos estar todos (claustros, reunións...)

### **c) Salón de Actos**

Situado na planta baixa é, a todas luces, insuficiente para as necesidades do centro, pois a súa capacidade é de 92 asentos, e temos niveis que exceden esta cifra de alumnado, o cal conleva problemas á hora de facer charlas e/ou actividades que impliquen máis alumnado que o admitido no salón.

Precisaríase ademais que este espazo contase cun escenario no que poder representar obras, etc.

#### **d).Departamentos, despachos, titorías e Departamento de Orientación.**

Algúns dos departamentos, por necesidades do Centro, funcionan tamén como aulas de desdoblamento, como xa se explicou anteriormente.

Hai dúas aulas de PT, unha delas claramente insuficiente debido ao seu tamaño.

A orientadora conta cun despacho propio.

#### **e).Cafetería .**

Está ubicada no soto do centro. Conta cun almacén propio

#### **f).Servizos.**

Os do profesorado están na planta baixa. No primeiro e segundo andar hai baños masculinos e femininos, repartidos por espazos (un grande e un pequeno para cada sexo).

#### **g).Portas .**

O edificio no que están as aulas conta con tres portas: unha que só dá paso á cafetería e, a través dela, ao centro; outra, a principal, que dá á Avda da Coruña e unha terceira, antipánico, que dá ao patio cuberto.

O polideportivo ten tamén tres portas, unha principal que dá ao patio cuberto, e dúas de emerxencia que dan a un espazo comunicado co patio descuberto.

Ademais, a verxa que rodea o centro ten catro portais, un grande (para vehículos) e un pequeno (para persoas), no seu fronte e lado esquerdo, respectivamente.

Actualmente, estamos en espera de poder abrir un terceiro portal na parte traseira do patio, tal como recomenda o Plan de Autoprotección do centro.

Dentro deste apartado hai que destacar que as portas das aulas están sinalizadas con números e cores referentes á escaleira pola que deben evacuar en caso de emerxencia; ditas escaleiras levan os mesmos indicativos que as portas e aulas.

#### **h). Outros espazos.**

O IES Nº1 conta ademais, no soto, (á altura da cafetería), cun almacén no que están depositadas sillas, mesas, libros,etc.

Existe adosada ao edificio principal e con entrada interna e externa, unha vivenda ocupada actualmente por unha das conserxes do centro.

## **II.1.5.- DOTACIÓN DE MOBILIARIO E MATERIAL DIDÁCTICO.**

### **a) Mobiliario:**

Nos últimos cursos vaise renovando e actualizando. Dotáronse todas as aulas de canóns, ordenadores e pantallas, así como do cableado correspondente.

Todas as aulas da ESO contan con taquillas individualizadas.

### **b) Calefacción:**

Contamos cunha caldeira antiga, pero polo de agora non plantexa problemas.

### **c) Material didáctico:**

O centro conta cunha dotación media, e dende o curso 17/18, está inmerso no programa e-dixgal, que facilita un ordenador a cada alumno e profesor implicado.

### **d) Material de laboratorio:**

A pesar de ter feita unha reparación dos microscopios no curso 16/17, os equipos están en moitos casos obsoletos e os laboratorios necesitan unha posta ao día.

### **e) Biblioteca e Videoteca:**

Conta con máis de 9300 fichas de volumes. Dentro da biblioteca, hai espazo de hemeroteca e cómic, e tamén de ordenadores. Cóntase cun pequeno fondo de libros dixitais e vídeos a disposición dos usuarios. Na entrada do edificio está a sección de autopréstamo.

Dende o ano 2009 a biblioteca está incluída no PLAMBE (Plan de Acondicionamento e Mellora das Bibliotecas Escolares) ininterrompidamente.

A biblioteca conta cun equipo de docentes que se reúne semanalmente e se encarga da actualización de fondos, organización de actividades, dinamización do espazo, etc.

Dende aquí, en colaboración co equipo de Dinamización da Lingua Galega, ofértanse dous clubs de lectura, un para toda a comunidade educativa, e outro exclusivo para alumnado.

### **f) Material informático:**



O Centro dispón de equipos informáticos con conexión en rede en oficinas, despachos, departamentos, sala de profesores, aulas e biblioteca.

**g) Material audiovisual:**

O Centro está dotado ordenadores portátiles, proxectores e pantallas dixitais en todas as aulas de referencia.

Procúrase que os equipos informáticos que dean máis problemas do habitual ou queden obsoletos para as súas funcións, van sendo substituídos na medida do posible.


Neste curso dotouse de 2 ordenadores máis á sala de profesores, por considerar insuficientes os que había.

**h) Planos do centro:**

A distribución das aulas e demais espazos é a seguinte:


# Planta 2

I.E.S. nº 1  
RIBEIRA  
CURSO 2017-18



# Planta 1


**I.E.S. nº 1**  
**RIBEIRA**  
**CURSO 2017-18**





### **III.- FINS E OBXECTIVOS EDUCATIVOS.**

#### ***III. 1.- INTENCIONALIDADES***

Entendemos que a finalidade primordial da educación debe estar orientada a lograr o desenvolvemento da personalidade do alumnado e a súa preparación para afrontar a vida futura. Por isto será necesario potenciar o traballo no ámbito cognitivo, o respecto aos dereitos e liberdades básicas recoñecidas pola Constitución -tolerancia e liberdade en democracia- e a adquisición por parte dos alumnos e das alumnas dos hábitos intelectuais e técnicas de traballo que os capaciten para o desempeño da súa futura actividade profesional.

#### ***III. 2.- VALORES BÁSICOS E IDEARIO DO IES Nº1***

##### **A. Traballar nunha mellora continua da calidade do ensino. Mellorar o rendemento educativo do alumnado. Contribuír ao éxito escolar do alumnado en función das súas capacidades, intereses e expectativas.**

A tal fin, ofértase una ampla gama de opción de matrícula que permita ao alumnado elixir as materias que máis se aproximen aos seus intereses e expectativas académicas e profesionais, fuxindo de itinerarios pechados que puideran coartar dita elección.

Da mesma maneira, a todo aquel alumnado con dificultades académicas, que proveñan de medios sociais desfavorecidos ou estean en risco de exclusión social proporcionaráselles todas as medidas de apoio posibles (ordinarias e extraordinarias) co fin de favorecer a súa permanencia dentro do sistema educativo o maior tempo posible e a consecución do título da ESO para o maior número posible.

##### **B. Axilización das comunicacións entre as familias e o centro.**

A finais de curso, varios membros do equipo directivo se desprazan aos centros adscritos para reunirse coas familias que incorporarán os seus fillos o próximo curso ao noso centro (no caso de 1º ESO), e/ou cos alumnos que o farán en 1º de BACH.

A comezos de curso lévanse a cabo reunións dos pais/nais de todo o alumnado do centro coa directora e/ou xefa de estudos e titores/as para informar das normas básicas do centro. Nestas reunións compróbase que os datos que obran en poder do IES son correctos, pois deles dependerá a axilidade e efectividade da comunicación entre familias e centro. A tal fin, contamos dende o curso 2005/06 cun sistema de xestión (SIXA) que envía diariamente as faltas do alumnado, así como as posibles sancións que lle fosen imputadas. Dende o curso 2015/16 complementábase

este sistema co TOKAPP, aplicación para móbiles que os proxenitores deben baixar (de forma gratuíta).

**C. Impulsar os procesos de mediación como canle para resolver os conflitos que eventualmente se poidan producir entre os membros da comunidade educativa .**

Este centro conta cun servizo de mediación totalmente gratuíto ao servizo de todos os compoñentes da comunidade educativa (dende profesorado a persoal non docente)

Dende a dirección foméntase o uso deste servizo para a solución pacífica dos conflitos.

**D. Organizar e promover as actividades complementarias e extraescolares xa consolidadas e apoiar todo tipo de iniciativas de carácter educativo que proveñan do profesorado ou do alumnado, e que contribúan a profundar nos valores básicos do ideario do centro.**

O IES Nº1 vén sendo un referente en canto á organización de actividades extraescolares e complementarias dende hai tempo, pois consideramos que a aprendizaxe debe ir máis alá do estritamente académico e, así, téntanse poñer ao alcance dos traballadores do centro todos os medios para manter as conmemoracións xa consolidadas no instituto, entre as cales destaca a loita pola igualdade de sexos e en contra da violencia de xénero.

Con respecto a outras actividades, mantense dende hai máis de unha década a celebración dunha Semana Cultural na que participa todo o alumnado e que conta con todo tipo de actividades(dende teatro ata exhibicións de drons, por poñer un exemplo).

As excursións de varios días son outro dos “buques-insignia” do Nº1. Levan consolidadas dende hai anos unha excursión deste tipo para cada nivel da ensinanza de diúrno, así como a participación, sempre que sexa posible, en programas Comenius, Erasmus Plus, intercambios en familias, etc.

**E. Poñer medios para promover e facilitar o uso das novas tecnoloxías para todos os membros da comunidade educativa.**

Dende a implantación de Abalar, o centro estivo como participante e, actualmente, dende o curso 17/18, ten implantado o sistema E-dixgal nos dous primeiros cursos da ESO.

Asimesmo, todas as aulas de referencia contan con pizarras dixitais, ordenadores e canóns.

Funciona tamén una aula virtual dende o curso 13/14.

Para que todos estes recursos teñan a maior rendabilidade posible, promociónase a formación do profesorado no propio centro, mediante PFPP e /ou charlas ad hoc.

#### **F. Promoción da aprendizaxe de linguas estranxeiras.**

Ademais das ofertadas na ensinanza regrada (inglés, francés e portugués), o centro conta cos programas Cuale e That's English.

No Cuale ofértanse as linguas inglesa e alemá.

No That's English, obviamente, inglés.

Estes dous programas están abertos a alumnado doutros centros, pois son impartidos por profesorado noso, pero en horario non lectivo.

#### **G. Promoción da materia de matemáticas.**

Este ano celebrouse a VIII Olimpíada matemática no noso centro, con máis de 150 participantes. Nesta actividade, composta de tres partes, implícase a práctica totalidade da comunidade escolar e o premio consiste en dúas xornadas de multiaventura para as dez parellas gañadoras.

Asimesmo, durante este curso celebrouse o 2º taller de matemáticas, con reunións periódicas entre alumnado e profesorado interesado en horario extraescolar, concretamente ao mediodía, nun xantar de traballo conxunto.

#### **H. Promoción e Dinamización da Lingua Galega.**

O centro ten como lingua vehicular para todo tipo de notificacións o galego.

O equipo de dinamización do IES Nº1 reúnese semanalmente para coordinar e organizar as múltiples actividades que realizan ao longo do período escolar. Colaboran activamente coa biblioteca para os clubs de lectura, así como na organización da Semana Cultural.

## **IV.- ITINERARIOS EDUCATIVOS, OPTATIVAS.**

### ***IV.1- OPTATIVIDADE***

#### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (LOMCE)**

De acordo co establecido no artigo 29 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os cursos de 1º e 3º de ESO a opcionalidade queda da seguinte maneira:

#### **PRIMEIRO CURSO.**

Neste curso a única *materia de libre configuración do centro* é Práctica e comprensión lectora.

Os alumnos optarán entre as materias do *bloque de materias específicas* seguintes:

- Relixión ou Valores Éticos.
- Segunda lingua estranxeira: Inglés, Francés ou Portugués\*.

\* Neste caso, se non se acada o número necesario de alumnado non se impartirá a materia.

#### **SEGUNDO CURSO.**

Neste curso a *materia de libre configuración do centro* é Práctica e comprensión lectora.

Os alumnos optarán entre as materias do *bloque de materias específicas* seguintes:

- Relixión ou Valores Éticos.
- Segunda lingua estranxeira: Inglés ou Francés.

#### **TERCEIRO CURSO.**

*Os alumnos optarán entre as materias comúns seguintes:*

- Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas ou Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.
- 1ª Lingua estranxeira: Francés ou Inglés.

*Os alumnos optarán entre as materias do bloque de materias específicas seguintes*



- Relixión (Relixión Católica ou Historia e cultura das relixións) ou Valores Éticos

*Os alumnos optarán unha entre as materias do bloque de materias optativas seguintes:*

-Segunda lingua estranxeira (Inglés ou Francés) ou Cultura Clásica.

## CUARTO CURSO.

Os alumnos optarán entre as ensinanzas académicas e as ensinanzas.

No caso das ensinanzas académicas, a optatividade queda da seguinte maneira:

	<input type="checkbox"/> <b>ENSINANZAS ACADÉMICAS PARA A INICIACIÓN AO BACHARELATO</b>
<b>Materias Troncais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Xeografía e Historia</li> <li>■ Lingua Castelá e Literatura</li> <li>■ Matemáticas Orientadas ás ensinanzas Académicas</li> <li>■ 1ª Lingua Estranxeira (Inglés)</li> <li>■ Lingua Galega e Literatura</li> <li>■ Elixir <b>dúas</b> materias troncais entre:             <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía</li> <li><input type="checkbox"/> Física e Química</li> <li><input type="checkbox"/> Economía</li> <li><input type="checkbox"/> Latín</li> </ul> </li> </ul>
<b>Materias Específicas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Educación Física</li> <li>■ A elixir unha entre:             <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Relixión Católica</li> <li><input type="checkbox"/> Valores Éticos</li> </ul> </li> <li>■ Cursaranse dúas materias entre:             <ul style="list-style-type: none"> <li>___ Artes Escénicas</li> <li>___ Cultura científica</li> <li>___ Cultura clásica</li> <li>___ Educación plástica, Visual e Audiovisual</li> <li>___ Filosofía</li> <li>___ Música</li> <li>___ 2ª lingua estranxeira (Francés)</li> <li>___ Tecnoloxía da informac. e comunicación</li> <li>___ Bioloxía e Xeoloxía (se non a escolleron como troncal)</li> <li>___ Economía (se non a escolleron como troncal)</li> <li>___ Latín (se non a escolleron como troncal)</li> <li>___ Física e Química (se non a escolleron como troncal)</li> <li>___ Ciencias aplicadas á Activ. Profesional</li> <li>___ Iniciación á Activ. Emprendedora e Empresarial</li> <li>___ Tecnoloxía</li> </ul> </li> </ul>

As ensinanzas aplicadas quedan configuradas do seguinte xeito:

<input type="checkbox"/> <b>ENSINANZAS APLICADAS PARA A INICIACIÓN Á FORMACIÓN PROFESIONAL</b>	
<b>Materias Troncais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Xeografía e Historia</li> <li>■ Lingua Castelá e Literatura</li> <li>■ Matemáticas Orientadas ás ensinanzas Aplicadas</li> <li>■ 1ª Lingua Estranxeira (Inglés)</li> <li>■ Lingua Galega e Literatura</li> <li>■ Elixir <b>dúas</b> materias troncais entre: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Ciencias aplicadas á Actividade Profesional</li> <li><input type="checkbox"/> Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</li> <li><input type="checkbox"/> Tecnoloxía</li> </ul> </li> </ul>
<b>Materias Específicas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Educación Física</li> <li>■ A elixir unha entre: <ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Relixión Católica</li> <li><input type="checkbox"/> Valores Éticos</li> </ul> </li> <li>■ Cursaranse dúas materias entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>___ Cultura científica</li> <li>___ Cultura clásica</li> <li>___ Educación plástica, Visual e Audiovisual</li> <li>___ Filosofía</li> <li>___ Música</li> <li>___ 2ª lingua estranxeira (Francés)</li> <li>___ Tecnoloxía da información e comunicación</li> <li>___ Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>___ Economía</li> <li>___ Latín</li> <li>___ Física e Química</li> <li>___ Ciencias aplicadas á Actividade profesional <small>(se non a escolleron como troncal)</small></li> <li>___ Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial <small>(se non a escolleron como troncal)</small></li> <li>___ Tecnoloxía <small>(se non a escolleron como troncal)</small></li> </ul> </li> </ul>

## **BACHARELATO**

De acordo co establecido no artigo 29 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato estrutúrase en tres modalidades, dúas das cales son as que se imparten no centro, son as seguintes:

-Ciencias.

-Humanidades e Ciencias Sociais (Nesta modalidade o alumnado poderá optar por dous itinerarios: o de Humanidades ou o de Ciencias Sociais).

O bacharelato abrangue dous cursos. As ensinanzas estrutúranse en materias que, á súa vez, se organizan en troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

## 1º BACHARELATO

O curso queda estruturado do seguinte xeito.

MATERIAS	1º BACHARELATO			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias troncais xerais comúns a ambas modalidades (4 MATERIAS)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Filosofía</li> <li>■ Lingua Castelá e literatura I</li> <li>■ Lingua galega e literatura I</li> <li>■ Lingua Estranxeira I (escoller unha)               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Francés</li> <li>□ Inglés</li> <li>□ Portugués</li> </ul> </li> </ul>			
Materia específica (1 MATERIA)	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Educación física</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias troncais de opción segundo a modalidade (3 MATERIAS)</li> </ul>	□ CIENCIAS E TECNOLOXÍA		□ HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Matemáticas I               <ul style="list-style-type: none"> <li>Elxir dúas entre:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>□ Debuxo Técnico I</li> <li>□ Física e Química</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Elxir unha entre               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Latín I</li> <li>□ Mat. Apl. ás CC. SS. I</li> </ul> </li> <li>■ Elxir dúas entre               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Economía</li> <li>□ Grego I</li> <li>□ HP do Mundo contemporáneo</li> <li>□ Literatura Universal</li> </ul> </li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias específicas de opción (CURSARANSE UN MÍNIMO DE 2 E UN MÁXIMO DE 3 MATERIAS)</li> </ul> <p><b>DEBEN SUMAR 6 HORAS e ser distintas das escollidas arriba.</b></p> <p><b>(*)Só poderá escollerse unha destas, e só no caso de elixir tres materias</b></p> <p><b>(**)Deben cubrirse seis combinacións distintas en orde de preferencia.</b></p> <p><b>(***)Por exemplo:</b>            1ª opción: Anatomía aplicada + Tecnoloxía Ind            2ª opción: Bio + 2ª lingua (francés)            3ª opción: Tecno+Cult. Cientif.+Ref tec            4ª opción: 2ª lingua (francés)+TIC +Cult. Cient.</p>	<b>MATERIAS DE 4 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>• Debuxo técnico</li> <li>• Economía</li> <li>• Física e Química</li> <li>• Grego I</li> <li>• HP do mundo contem.</li> <li>• Latín I</li> <li>• Literatura Universal</li> <li>• Matemáticas I</li> <li>• Mat. Apl. ás CC.SS. I</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 3 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anatomía aplicada</li> <li>• Ling. e práct. musical I</li> <li>• Tecnoloxía industrial I</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 2 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 2ª lingua estranxeira (debe ser distinta da 1ª lingua)               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Francés</li> <li>□ Inglés</li> </ul> </li> <li>• Tecnoloxía da inf. e com.</li> <li>• Cultura científica</li> <li>• Antropoloxía (*)</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 1 HORA</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Religión</li> <li>• Ref. Inglés, (só no caso de cursar inglés). (**)</li> <li>• Ref. Tec. a través da Robótica, só no caso de cursar tecnoloxía. (**)</li> </ul>
	1ª opción: _____ + _____ + _____ 2ª opción: _____ + _____ + _____ 3ª opción: _____ + _____ + _____ 4ª opción: _____ + _____ + _____ 5ª opción: _____ + _____ + _____ 6ª opción: _____ + _____ + _____			

## 2º BACHARELATO

A opcionalidade neste curso queda do seguinte xeito:

MATERIAS				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias troncais xerais comúns a ambas modalidades (4 MATERIAS)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Historia de España</li> <li>■ Lingua Castelá e literatura II</li> <li>■ Lingua galega e literatura II</li> <li>■ Lingua Estranxeira II (escolher unha)               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Francés</li> <li>□ Inglés</li> </ul> </li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias troncais de opción segundo a modalidade (3 MATERIAS)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>□ CIENCIAS E TECNOLOXÍA</li> <li>■ Matemáticas II</li> <li>Elxir dúas entre:               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Bioloxía</li> <li>□ Debuxo Técnico II</li> <li>□ Física</li> <li>□ Química</li> <li>□ Xeoloxía</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>□ HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS</li> <li>■ Elxir unha entre               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Latín II</li> <li>□ Mat. Apl. ás CC. SS. II</li> </ul> </li> <li>■ Elxir dúas entre               <ul style="list-style-type: none"> <li>□ Economía da Empresa</li> <li>□ Grego II</li> <li>□ Historia da Arte</li> <li>□ Historia da Filosofía</li> <li>□ Xeografía</li> </ul> </li> </ul>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Materias específicas de opción (CURSARANSE UN MÍNIMO DE 2 E UN MÁXIMO DE 3 MATERIAS)</li> <li><b>DEBEN SUMAR 8 HORAS e ser distintas das escollidas arriba.</b></li> <li><b>(*) Só poderá escollerse unha destas, e só no caso de elixir tres materias.</b></li> <li><b>(**) Deben cubrirse seis combinacións distintas en orde de preferencia.</b></li> <li>(***) Por exemplo:               <ul style="list-style-type: none"> <li>1ª opción: TIC + Tecnoloxía ind+Métodos</li> <li>2ª opción: Bio+ Debuxo Técnico</li> <li>3ª opción: Bio+Psicoloxía+Ref Inglés</li> <li>4ª opción: Bio+TIC +Métodos</li> </ul> </li> </ul>	<b>MATERIAS DE 4 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Bioloxía</li> <li>• Xeoloxía</li> <li>• Debuxo técnico II</li> <li>• Economía da Empresa</li> <li>• Física</li> <li>• Química</li> <li>• Grego II</li> <li>• Historia da Arte</li> <li>• Latín II</li> <li>• Historia da Filosofía</li> <li>• Matemáticas II</li> <li>• Mat. Apl. ás CC. SS. II</li> <li>• Xeografía</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 3 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ciencias da Terra e do Medio Ambiente</li> <li>• Historia da Música e da Danza</li> <li>• Psicoloxía</li> <li>• 2ª lingua estranxeira (Francés)</li> <li>• Tecnoloxía industrial II</li> <li>• Tecnoloxía da inf e com. II</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 2 HORAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ética e Filosofía do dereito (**)</li> <li>• Métodos estadísticos e numéricos (**)</li> <li>• Literatura Galega do século XX (**)</li> <li>• Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía (**)</li> <li>• Xeografía e Historia de Galicia (**)</li> </ul>	<b>MATERIAS DE 1 HORA</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Relixión</li> <li>• Ref. Inglés (**)</li> <li>• Ref. francés (**)</li> <li>• Ref. Tec. a través da robótica, só no caso de cursar robótica (**)</li> <li>• Ref. Coment. texto (**)</li> <li>• Ref. Historia a través do cine (**)</li> </ul>
	1ª opción: _____ + _____ + _____			
	2ª opción: _____ + _____ + _____			
	3ª opción: _____ + _____ + _____			
	4ª opción: _____ + _____ + _____			
	5ª opción: _____ + _____ + _____			
	6ª opción: _____ + _____ + _____			

## **V.- FORMAS DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN ENTRE OS DISTINTOS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.**

### ***V. 1. CENTROS ADSCRITOS.***

Os nosos Centros adscritos de Educación Primaria son: Colexio O Grupo, de Ribeira, e o CEIP de Palmeira. O primeiro comparte adscrición co IES Leliadoura.

A relación con estes dous centros é fluída e cordial. Todos os anos, a fin de curso, membros da dirección do noso centro achéganse aos centros adscritos para reunírense cos proxenitores dos futuros alumnos e explicarlles os prazos, as características do centro, aclararlles dúbidas, etc.

Con respecto ao Bacharelato, dende o curso 15/16, cóntase con centros adscritos, todos os de Secundaria do concello que non teñan este tipo de ensinanzas: Bayón, Sagrado Corazón e La Milagrosa.

A estes centro acoden membros da Dirección antes da época de prematrícula para explicar as características do centro, os plans de estudo, etc.

## **VI. COMUNIDADE EDUCATIVA.**

Entre os distintos sectores da Comunidade Educativa existen unhas relacións moi fluídas. A parte dos órganos que corresponden, os alumnos por medio dos delegados e subdelegados ou calquera outra comisión para organizar actos, están en permanente contacto co equipo directivo e cos titores respectivos. O profesorado, nas diferentes xuntanzas (Comisión Pedagóxica, Claustro, reunións de Departamento, xuntas de avaliación, etc.) levan as súas inquedanzas a favor da mellora do ensino.

A ANPA ten permanentemente informados aos alumnos e aos profesores - cando lles afecta-, ao equipo directivo e ao resto do persoal, da organización das súas actividades. De forma habitual atende persoalmente os martes pola tarde.

O diálogo co persoal non docente é continuo e por medio do seu representante no Consello Escolar preséntanse temas do seu ámbito para a súa valoración e discusión. Considérase inestimable a súa colaboración.

O Consello Escolar serve como base aglutinadora e informativa sobre calquera tipo de aspectos importantes que afecten á marcha do Centro e o Equipo Directivo facilita as relacións entre os diferentes membros para conseguir canalizar os problemas ou inquiredanzas existentes. Dentro da maior fluidez posible, é necesario que exista o diálogo e colaboración entre todos, por medio de entrevistas, escritos, reunións, etc. Por tal razón os locais do Centro están a disposición dos citados membros, para levaren a cabo as actuacións tendentes a unha mellora dos fins educativos.



## **VII.- FORMAS DE COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL CON OUTRAS INSTITUCIÓN.**

Cando outras institucións cursan solicitudes para utilizar as dependencias do noso Instituto, por regra xeral, sen exclusións ideolóxicas ou doutra índole, cédenselles aquelas a cambio de pequenas contraprestacións e sempre que o coidado sexa exquisito e que as necesidades do Centro o permitan. O Concello, a Deputación, a Xunta, organizacións privadas sen ánimo de lucro, e outros organismos intercambian vía telefónica, correo, fax ou visita persoal diferentes propostas xeralmente de tipo cultural en que poden participar os nosos alumnos/ as.

Hai que mencionar neste apartado a especial relación co concello, ao cal se lle ceden instalacións sempre que o precisan; participa o IES N°1 tamén en practicamente todas as actividades organizadas dende o departamento de cultura do mesmo.